CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Autoavaliar os seus progresos na súa competencia comunicativa		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar progresos e dificultades na aprendizaxe		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer a maioría dos estereotipos , rexeitando o 100% dos discriminatorios		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Respectar sempre		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Valorar a súa competencia plurilingüe		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións adecuadamente cando menos no 50% das ocasións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo.
- Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).
- Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.
- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá



### Contidos

- (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 6 RECYCLONS!	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Extraer cando menos o 50% da información relevante e o sentido global	PE	23
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos intelixibles aínda con erros básicos		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección alto ( 75%)		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grao de corrección alto ( 75%) o proceso de produción de textos e de inferencia de significados		
		TI	77



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Recoñecer as estratexias básicas de comprensión para inferir significados		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% da información esencial en situacións orais ou escritas		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos intelixibles aínda con erros básicos de pronuncia, léxico, morfosintaxe...		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ser consciente das estratexias básicas e aplicalas		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos nun 50% en situacións interactivas breves e simples		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Entender e facerse entender no 50% da s veces		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Aplicar a maioría das estratexias		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar respecto sempre		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir información cando menos no 50%		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar as estratexias traballadas coñecendo cando menos os factores socioculturais que máis dificulten a comunicación		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Establecer similitudes e diferenzas no que respecta ó léxico, á fonética e as estruturas morfosintácticas básicas		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Autoavaliar os propios progresos e aplicar estratexias de mellora		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar as propias dificultades de aprendizaxe		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer moitos dos estereotipos , rexeitando o 100% dos discriminatorios.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto á diversidade de xeito habitual		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos e valorar a súa competencia plurilingüe		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións adecuadamente tanto as orais como as escritas , cando menos no 50% das ocasións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo.</li> <li>- Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.</li> <li>- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.</li> <li>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.</li> <li>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).</li> <li>- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.</li> <li>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.</li> </ul>

## Contidos

- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía aplicada nas clases de FRANCÉS segunda lingua estranxeira guiaránse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual como en grupo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación .
- Aprendizaxe significativa enlazando as novas adquisicións cos coñecementos previos.
- Aprendizaxe funcional segundo a cal as aprendizaxes parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etc.
- Multitude de recursos didácticos e moi diversos e fontes de información moi variadas , para abarcar as preferencias, gustos e habilidades dun alumnado diverso.
- Recursos dixitais: os novos libros de texto así como de actividades e exercicios están dixitalizados , co cal o uso deste tipo de recursos será constante en cada unha das sesións de clase así como nas probas e controis.
- Propóñense proxectos e tarefas que requiren documentarse e apoiarse en ferramentas dixitais, contribuindo así á adquisición da competencia dixital.
- A materia Francés contribúe á competencia plurilingüe facendo reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación das distintas linguas que se están a aprender ( TIL= Tratamento Integrado das Linguas).
- Aprendizaxe lúdica e con músicas da Francophonie para crear un clima de traballo positivo .
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e que favorezan a capacidade de aprender.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, favorecendo que o alumnado tamén o empregue para dirixirse á profesora, e a ser posible, entre iguais.
- Metodoloxía de proxectos tocando máis dunha competencia ó mesmo tempo.
- Interdisciplinariade para achegar ó alumnado a un ensino máis global.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua como método de enriquecemento cultural á hora de entender as producións nunha nova lingua.
- O erro ha ser tratado como un recurso pedagóxico no proceso de aprendizaxe en tanto elemento necesario na adquisición dunha lingua estranxeira , recoñecendo que o propio proceso de aprendizaxe non se dá sen erros.
- Dedicarase tempo á lectura formando parte do proxecto lector do centro, ó tempo que se fomenta a comprensión lectora.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
MATERIAIS e RECURSOS DIDÁCTICOS

- Manuais de texto e actividades
- Vídeos e podcasts
- Documentos auténticos
- Aula virtual
- Páxinas web relacionadas co FLE
- Dicionarios impresos e en liña
- Recursos dixitais ( conxugadores, exercicios en liña)

**DESCRIPCIÓN**

- O manual de referencia empregado no IES Manuel García Barros será LES BLOGUEURS 2 da Editorial La maison des langues / Macmillan

Servirá de folia de ruta sen ser condición a realización de todas as tarefas e completaráse co Cahier d'exercices LES BLOGUEURS2

- Completaranse as explicacións con ampliacións ou reforzos de elaboración propia, podendo adaptalos ós requerimentos do grupo.

- Empregaranse documentos auténticos escollidos de fontes como TV5 MONDE, l'Actu tout en français, françaisfacile, etc . para conectar o alumnado coa realidade cultural e lingüística da Francophonie en xeral.

- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consultam explicación e intercomunicación coa docente.

- Farase uso de páxinas web vinculada ó FLE, para facer exercicios en liña, lecturas, informacións de actualidade, prensa , redes sociais, de consulta, e instrumentos de avaliación así como xogos ( Kahhot, Plickers, Virelangues...)

- Expoñerase cartelería que sirva para motivar ó alumnado, lembrar aspectos culturais e lingüísticos, etc.

**5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

- Dedicarase un período de 3 ou 4 sesións, as primeiras do curso.
- Propoñerase unha rúbrica de autoavaliación , que se reutilizará ó longo do curso, podendo verificar os logros.
- Realizaranse actividades individuais e grupais que permitan avaliar as 5 destrezas: comprensión e expresión tanto oral como escrita, e mediación.
- Propoñerase algunha proba, unha Unidade 0, para constatar o grao de adquisición do curso anterior ademais do nivel requerido para comezar o curso.

**5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	23	29	34	22	33	30	23	<b>28</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	77	71	66	78	67	70	77	<b>72</b>

**Criterios de cualificación:**

**PESOS DA MATERIA**

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total PD
PESOS das UD (%)	10	10	15	15	25	25.	100
Proba escrita.	35.	35.	35.	35.	35.	35.	35
Táboa de indicadores	65	65.	65.	65.	65.	65.	65

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Teranse en conta os criterios de avaliación que figiran no punto 3.3 desta PD para cada unha das UD.

- Dado que os contidos son progresivos sendo reutilizados dunha avaliación para a outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso.
- Realizaranse probas e tarefas de ord diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos nas cinco destrezas.
- Haberá probas escritas, probas de comprensión e expresión tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conjugación, probas de pronuncia, etc.
- Como tarefas, faranse traballos monográficos e posterior exposición nos que se valorarán aspectos dependetes da UD na que se encaixen e que serán previamente definidos ó alumnado.
- As probas serán valoradas de 0 a 20 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da UD segundo as súas particularidades. A ponderación será anunciada ó alumnado antes da súa realización.
- Será elaborada unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos.
- Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa do alumnado na aula e á "trace écrite".
- A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas ( 20%- 30% - 50% respectivamente).
- A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas 2 UD traballadas en cada trimestre.
- A cualificación de cada UD obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada UD.

### **Critérios de recuperación:**

#### CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

- Como os contidos son progresivos e son reutilizados dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.
- Aplicaranse medidas de reforzo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Rematada a 3ª avaliación , o alumnado que non acadase 5 sobre 10 na avaliación ordinaria, deberá realizar probas ou tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non terá que ser avaliado novamente delas.
- Realizadas as probas e tarefas anteriormente citadas, observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ó longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria para calcular a nota final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

#### MATERIA PENDENTE: PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO , RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN

- O alumnado que promocionou co Francés pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ó longo das dúas primeiras semanas de curso. Será informado do plan de reforzo que se levará a cabo.
- Este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición de competencias.
- A nota final deberá acadar 5 sobre 10.Obtemse a nota final coa nota do parcial 1 (30%)+ nota tarefa 1(20%) , mais nota parcial 2 (30%) +nota tarefa 2 (20%)
- Na xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo cos axustos necesarios, se se dá o caso.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

#### ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

##### DESCRIPCIÓN

Trátase de adecuar a acción educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e o Departamento de Orientación deben observar, así como o profesorado de Francés 2ª lingua estranxeira, un plan que comprende as seguintes mediadas:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa Xefatura do Departamento de Orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ó axuste do proceso ensino-aprendizaxe.
- b) A utilización dunha metodoloxía promotora da inclusión , da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto ás diferenzas e da convivencia de todo o alumnado.

c) Adoptarase un traballo en espiral, retomando os contidos non adquiridos inicialmente nun momento posterior de traballo favorecendo que o alumnado con problemas de aprendizaxe acade os obxectivos mínimos.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade por causas socioeducativas e/ou culturais, desigualdade por motivos familiares, de violencia de xénero, económicos, étnicos ou culturais, a Consellería de Educación e o propio centro docente deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando así a segregación no centro docente.

#### ALTAS CAPACIDADES

- Adaptarase as explicacións e os materiais aportando complexidade e profundidade na medida que sexan requeridos.

- Evitaranse as tarefas repetitivas para que non se desmotiven, promovendo maior complexidade e que sexan variadas en soporte e en temática.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - DEREITOS DA INFANCIA	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - COEDUCACIÓN E IGUALDADE	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA E REFLEXIVA	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - EDUCACIÓN PARA O DESARROLLO SOSTIBLE	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - EDUCACIÓN PARA A SAÚDE EMOCIONAL E SEXUAL	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - COMPRENSIÓN LECTORA	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - EMPRENDEMENTO SOCIAL	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - EDUCACIÓN EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
HORA DE LER	No centro dedícase unha hora semanal á lectura . O Departamneto fará propostas de lecturas adaptadas en francés	X	X	X
CLUB DE LECTURA	Dende a Biblioteca propóñense clubs de lectura. No noso caso propóñense lecturas francófonas.	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
RÉCRÉ TERREUR	Co Samaín lévanse a cabo lecturas con temática de medo en francés	X		
Teatro/ cine en FRANCÉS	Se hai oferta acudirase ó NUMAX en Santiago ou ó teatro ALLIANCE FRANÇAISE		X	
CHANDELEUR	Arredor do 2 de febreiro , receta das crêpes , elaboración e degustación		X	
SEMAINE DE LA FRANCOPHONIE	A través de TV5. monde seguimento dalgunha emisión		X	
FÈTE DE LA MUSIQUE	21 de Xuño. En colaboración co Departamento de Música como se celebra en Francia			X
CHANSONS FRANCOPHONES	Ó longo dos tres trimestres, escoita e traballo de comprensión de cancións do momento adaptadas ó nivel do alumnado	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados da avaliación

#### Descrición:

Clima de trabalo na aula  
Metodoloxía empregada

aula

para a avaliación continua  
Adecuación da PD e da súa planificación

curso

#### AVALIACIÓN DE PROGRESO:

Comprobarase como se produce o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades levadas a cabo co alumnado

Este axuste será valorado nas Reunións de Departamento e nas avaliacións.

#### AVALIACIÓN FINAL:

Atención especial á porcentaxe de alumnado que na avaliación final non aprobe Francés 2ªLingua Estranxeira

Os erros detectados recolleranse na Memoria final como propostas de mellora para a elaboración da PD do curso próximo.

#### MEMORIA FINAL:

Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de cumprimento

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias.

lectura do centro

Nivel de satisfacción do alumnado

Adecuación do deseño das UD

Adecuación da secuencia de traballo na

Adecuación das pautas xerais establecidas

Secuenciación e temporalización das UD

Adecuación e seguimento da PD ó longo do

Contribución desde a materia ó plan de

#### DESCRIPCIÓN

a) Enquisa: ó final das avaliacións farase un balance global dos resultados obtidos , o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos, , unha valoración completa da propia avaliación e da PD.

Propoñerase unha enquisa ó alumnado mediante a cal obteremos información sobre o grao de satisfacción do



alumnado nos seguintes temas:

- .-Material proporcionado
  - Práctica docente
  - Instrumentos de avaliación
  - Tempos asignados
  - Tempos de corrección
  - Sistema de puntuación
- b) Autoavaliación: reflexión do alumnado sobre a súa aprendizaxe
- percepción da súa progresión
  - tempo dedicado á aprendizaxe da materia
  - estratexias empregadas

Coa autoavaliación preténdese:

- a) fomentar a coordinación do profesorado
- b) mellorar a formación docente
- c) Reforzar as medidas de atención á diversidade

REVISIÓN E MELLORAS: o Departamento de Francés levará a cabo unha reflexión das melloras a implantar de cara ó vindeiro curso e serán reflectidas na Memoria Final.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Periodicidade mensual para facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da PD.

AVALIACIÓN

Na memoria final de curso deixarase constancia dos resultados por UD e trimestre

Resultados das enquisas para avaliar a práctica docente tomando nota dos aspectos mellor puntuados para aplicalos no curso que vén.

## **9. Outros apartados**